

Recomendación dirixida ao Concello de Narón a fin de evitar o risco potencial para a saúde pública e o medio ambiente e garantir a salubridade e a seguridade para que vixie e inspeccione zonas industriais abandonadas, parcelas e instalacións de antigas fábricas e industrias do concello, practicando cantas actuacións procedan, dando conta no caso de que excedan as competencias municipais ao órgano que corresponda

Expediente: C.8.Q/374/25

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2025

Sra. alcaldesa:

Segundo puidemos saber pola información publicada nos medios de comunicación, no vertedoiro irregular do Polígono de As Lagoas, acumularíanse de xeito irregular e incontrolado, residuos de diferente tipoloxía, incluíndo pneumáticos e restos de uralitas dende fai certo tempo e en importantes cantidades. Tamén atoparíanse alí depositados lixo, restos de mobiliario e enxoval doméstico, residuos procedentes de reformas ou obras de rehabilitación e outros obxectos, o que motivou que baseándonos niso iniciáramos a presente investigación de oficio.

ANTECEDENTES

Acusamos recibo do seu escrito do 07.02.2025 en relación co expediente de queixa referenciado. En dito informe recibido en data 17.02.2025 ese Concello de Narón informa o seguinte:

“En resposta ao seu requirimento que tivo entrada o día 30.01.2025, con motivo da información publicada nun medio de comunicación, en relación ao que resultou ser un vertedoiro irregular emprazado no Polígono As Lagoas deste termo municipal, na parcela na que se ubicaba unha antiga cementeira, e que foi descuberto co gallo dun roubo, dende esta administración faise constar o seguinte:

- 1) Se ben a información foi publicada nun medio de comunicación a finais de xaneiro do ano en curso, non é menos certo que este concello tivo coñecemento da situación en data 1 de decembro de 2024, día no que, efectivamente a consecuencia dun roubo, a Policía Local de Narón emite informe onde se pon de manifesto tanto

a existencia do vertido na parcela, como a necesidade de dar aviso ao titular para que adopte as medidas oportunas e necesarias, comezando polo peche da súa propiedade co fin de evitar toda a problemática que alí se está a producir (tanto vertidos como acceso de persoas alleas para cometer actividades ilícitas).

- 2) Consecuencia de dito informe, iníciáanse actuacións previas tanto en expedientes do departamento de Medio Ambiente como no de Disciplina Urbanística, realizándose diversos requirimentos á empresa titular da parcela denunciada.
- 3) O primeiro deles recibíuse o día 4 de decembro, e o día 17 de decembro emítese nova acta da Policía, na que se fai constar que os responsables enviaron persoal para realizar in situ unha primeira valoración da situación da parcela, manifestando telefonicamente á Policía Local quen resultou ser responsable da mercantil titular, que ían proceder a adoptar as medidas oportunas para solucionar a situación.
- 4) Tendo en conta que os tipos de vertidos que alí se atopaban excedían das competencias municipais, tamén se deu conta do requirido e das actas policiais á consellería con competencias en materia medioambiental.
- 5) Resultado das actuacións realizadas por esta entidade local, o día 04.02.2025 ten entrada no rexistro deste concello comunicación por escrito da empresa titular do inmovible, no que manifesta que xa procederan á contratación dunha empresa dedicada á xestión de residuos. Engaden que a demora debeuse ás dificultades para atopar unha empresa que cumprindo cos seus estándares de calidade e capacitación, puidese acometer os traballos o antes posible, ademais de contar coa desvantaxe de coincidir coa época navideña de 2024. Fixan ademais o 6 de febreiro como a data para o comezo dos traballos de retirada, previa sinalización da zona para acometer os ditos traballos.
- 6) Esta administración velará pola realización de ditos traballos, así como tamén manterá informada destes á administración con competencias na materia. O que se traslada aos efectos oportunos, en cumprimento do establecido no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo.”

ANÁLISE

Valorado o informe remitido por esa Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: A Ordenanza municipal de residuos e limpeza viaria (BOP de A Coruña de 23 de novembro de 2012), prevé no seu artigo 45.- PROHIBICIÓNS. Prohíbese expresamente o depósito directo, abandono e vertido dos residuos de construción, demolición e de obras en xeral nos seguintes lugares:

a) Na vía pública, marxes dos ríos, estradas ou camiños, soares e terreos públicos que non foran autorizados expresamente para tal finalidade. A acumulación de materiais de obra e os almacenamentos temporais de materiais ou elementos mecánicos destinados á obra en calquera destes lugares deberán estar, así mesmo, expresamente autorizados e pagaranse as taxas fiscais correspondentes.

b) Terreos de propiedade particular, excepto nos casos en que o seu propietario ou posuidor dispoña da obrigada autorización emitida por unha autoridade competente, que deberá acreditar ante a autoridade municipal. A falta de autorización, os propietarios ou posuidores responderán solidariamente cos causantes dos danos que o depósito, abandono ou vertido destes residuos poidan producir ao medio ambiente, así como do menoscabo da hixiene ou do ornato público.

E no artigo 63.- ESPAZOS E INMOBLES PRIVADOS.

1.- As persoas propietarias de inmobles ou, subsidiariamente, as persoas usuarias, teñen a obriga de mantelos nas debidas condicións de seguridade, salubridade, limpeza e ornato público.

2.- É responsabilidade dos propietarios manter nas debidas condicións de limpeza, seguridade, salubridade e ornato público ..., soares e terreos e, en xeral, todas aquelas zonas de dominio e uso particular...

Segunda : *A Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos y suelos contaminados para una economía circular*, no seu artigo 12.5 d) confire aos municipios a potestade de vixilancia e inspección e a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias.

Terceira: Por outra banda, esta institución, polas queixas que coñece, advirte un significativo atraso na aplicación da disposición adicional décimo cuarta da dita lei, no que atinxe ao grao de cumprimento da obriga de dispor dun inventario e un calendario de retirada do amianto. A disposición adicional décimo cuarta establece que, no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor, os concellos deben elaborar un censo de instalacións e emprazamentos con amianto e un calendario que planifique a súa retirada. Tanto o censo como o calendario, de carácter público, deben ser remitidos ás autoridades sanitarias, ambientais e laborais competentes das comunidades autónomas, as cales deberán realizar inspeccións para verificar que se retiraron e enviado a un xestor autorizado. En todo caso, as instalacións ou

emprazamentos de carácter público con maior risco deberán estar xestionadas antes de 2028.

Esta disposición en vigor dende o 10 de abril do 2023, é coñecida por ese concello, polo que entre as obrigas ás que teñen que facer fronte en relación coa retirada do amianto, atoparíase a de cumprir o prazo dado para a elaboración dun inventario de emprazamentos e instalacións con amianto e dispor de calendarios para a súa retirada.

O prazo máximo previsto nesa disposición adicional décimo cuarta para a elaboración do inventario de instalacións e emprazamentos con amianto e do calendario de retirada concluíu en abril de 2023.

Finalmente lembrar, que o *Ministerio de Sanidad*, en xuño do 2024 publicou unhas *Directrices para la retirada del amianto instalado. Elaboración de un censo de instalaciones y emplazamientos con amianto y criterios de priorización para su retirada*, en cuxa elaboración participou personal dese Ministerio, do *Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico* y del *Ministerio de Trabajo y Economía Social*.

Cuarta: exposto canto antecede, tomando coñecemento do contido do informe que nos remitiron pola problemática do vertedoiro irregular do Polígono de As Lagoas, así coma que no que atinxe a competencias doutros órganos deron traslado á Consellería de Medio Ambiente; e partindo de que a normativa básica de residuos fixa con carácter xeral unha distribución de competencias para levar a cabo a súa xestión, formularemos e ese Concello de Narón unha resolución co fin de previr e evitar os efectos prexudiciais dos depósitos ilegais de residuos para a saúde pública e o medio ambiente e que, no seu caso, se tramiten os expedientes sancionadores que correspondan.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Narón a seguinte recomendación:

“Que de acordo co marco competencial e cos requisitos normativamente establecidos, co fin de evitar o risco potencial para a saúde pública e o medio ambiente, e garantir a salubridade e a seguridade, vixie e inspeccione zonas industriais abandonadas, parcelas e instalacións de antigas fábricas e industrias dese Concello de Narón, practicando cantas actuacións



procedan, dando conta no caso de que excedan as competencias municipais ao órgano que corresponda”

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo e recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes dea conta a esta institución da aceptación da suxestión formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo,

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo (en funcións)